

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 5 DE MARZO DE 2015

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:05 horas do 5 de marzo de 2015, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnense no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, ós efectos de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias
D. Miguel Neira Ojea
D^a Natalia Álvarez Diéguez
D^a María Mercedes Ana Moldes Ares
D. Luis Victorino Arias Fernández
D. Aurentino Alonso Araújo
D^a María Irene Dacal Feijoo
D. Moisés Blanco Paradelo
D. Arsenio Moldes Gómez
D. Carlos Javier Crespo Díaz
D^a Nieves Rodríguez Voces
D^a María Estela Delgado Fernández
D. Antonio Melo García
D^a Manuela Rodríguez Vázquez
D. Vítor Manuel Sierra Nieves, que se incorpora á sesión no momento que se di nesta acta.

Non asiste D. Julio Fernández Arias cuxa ausencia é desculpada polo alcalde.

Interveu como secretario accidental D. José De Lis Santos-Ascarza. Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez.

Declarado aberto o acto polo sr. alcalde-presidente, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

1º Aprobación da acta do Pleno da sesión celebrada o día 5 de febreiro de 2015.

Pregunta o Sr. Alcalde si hai algunha observación que facer á acta da sesión celebrada polo Pleno o día 5 de febreiro de 2015 e non formulándose

ningunha, a devandita acta resultou aprobada por unanimidade dos quince concelleiros asistentes na sesión.

2º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo a expediente de modificación orzamentaria crédito extraordinario 01/2015, financiado con cargo ao expediente de baixa por anulación 01/2015.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica de 27 de febreiro de 2015 polo Alcalde que fai uso da palabra para dicir que trátase dunha petición da Policía Local na que se solicita a adquisición de dous chalecos de seguridade antibalas, que parece lóxico que se adquiren, ascendendo o gasto a máis de 1300€. Di que este gasto non estaba previsto no orzamento porque a petición fíxose con posterioridade á aprobación do orzamento ordinario para o ano 2015.

Fai uso da palabra o sr Blanco Paradelo, voceiro do Grupo Municipal do P.P., que di que antes de comezar co debate do presente punto, gustaríalle que conste en Acta o pesar polo falecemento do pedáneo de Vilanova, Miguel Fariñas, e mandarlle un cariñoso e afectuoso saúdo á familia. Di o sr Blanco que en relación co punto que se está a tratar, o seu Grupo vai votar favorablemente pois o tema de seguridade é moi importante e que desexa que os chalecos non se teñan que utilizar nin repoñer, que non é polos cartos que custan porque a seguridade ben paga a pena pero si que canto máis protexidos e máis seguros estean as persoas encargadas da nosa seguridade na Vila pois moito mellor.

Rematado o debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus quince membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Logo de ver o expediente formado, no que constan:

- Proposta de gasto da Policía Local de 08/01/2015.
- Providencia da Alcaldía.
- Memoria xustificativa da Alcaldía.
- Certificación da Intervención.
- Informe de Fiscalización da Intervención Municipal.

ACORDAMOS:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación do Orzamento da corporación para 2015 na modalidade de Crédito extraordinario

01/2015 financiado co expediente de Baixa por anulación 01/2015, que consta dos seguintes documentos:

- **Proposta de gasto da Policía Local de 08/01/2015.**
- **Providencia da Alcaldía.**
- **Memoria xustificativa da Alcaldía.**
- **Certificación da Intervención.**
- **Informe de Fiscalización da Intervención Municipal.**

2.- Dispor a publicación do presente acordo no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido na normativa de Facendas Locais. Si transcorrido o prazo de exposición ao público, expresado no artigo 169.1. do TRLRHL, non se presentan alegacións ou reclamacións, o presente acordo elevarase a definitivo.

3º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo a bonificación no ICIO solicitada por D^a M^a Almudena Catela Enrique.

O sr. Alcalde dá conta do ditame de 27 de febreiro de 2015, adoptado por unanimidade e di que son obras de instalación dun ascensor na rúa Ramón y Cajal número 30 do Barco de Valdeorras, cunha bonificación do 90%, solicitada por M^a Almudena Catela Enrique na representación da Comunidade de Propietarios de dita edificación.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus quince membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese social, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.3. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 90% na cota do ICIO.

4º Ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Igualdade e Xuventude relativo a aprobación inicial do Regulamento de réxime interno da Escola Infantil Municipal do Barco de Valdeorras e derogación do Regulamento de réxime interno da Gardería Infantil Municipal do Barco de Valdeorras.

Neste momento incorpórase á sesión o concelleiro Vítor Manuel Sierra Nieves.

Fai uso da palabra a concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e Xuventude, sra Álvarez Diéguez, que di que se trata dun trámite formal para aprobar o regulamento da Escola Infantil Municipal do Barco de Valdeorras, que previamente foi visado pola Xunta de Galicia e ditaminado pola Comisión de Servizos Sociais, e que o último paso é este da aprobación polo Pleno Municipal, dando lectura ao ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais.

Di o sr Blanco Paradelo que o seu Grupo vai a votar a favor.

Fai uso da palabra o sr Sierra Nieves que di este tema pon de manifesto o funcionamento da Administración pois o asunto foi a Comisión xa fai tempo e agora hai que volvelo a tratar nesta sesión plenaria, e que tamén isto só ocorre na Administración pública pois si el na súa empresa para facer un regulamento tarda ano e medio ou dous o que conseguiría sería o despido. Di que o debate que se debería suscitar en torno á gardería é como este goberno, supostamente socialista, deixa fóra a maioría das crianzas que hai na Comarca, que son fillos da xente que traballa na minería que teñen horarios incompatibles coa gardería municipal e pública, que non sabe qué concepto ten do público este goberno municipal, que sempre favorece aos fillos e fillas dos comerciantes, dos funcionarios públicos e sobre todo aos fillos dos ricos que son os que poden ir á gardería municipal, en cambio as fillas e fillos dos traballadores, que son os que máis abundan, están fóra desa gardería.

Contéstalle a sra Álvarez Diéguez que o horario da gardería establécese en función das peticións que se fan na prematrícula polas familias, e que, como xa se informou nas diferentes Comisións de servizos sociais, tendo en conta os horarios das canteiras nesta zona e que, como máximo a permanencia dos nenos na gardería municipal é de oito horas, pois son menores de tres anos, é case incompatible o horario, pois os traballadores das canteiras necesitan un mínimo de dez horas entre a ida aos postos de traballo, a permanencia no traballo e a volta, polo que estaríase a saltar unha lei estatal.

Di o sr Sierra Nieves que está claro que si se quere desde a posición da concelleira se pode favorecer á maioría das crianzas desta Vila, pois hai experiencias en concellos deste país que circundando a lei a cumpren facendo o mesmo, como xa se falou nalgunha Comisión, facendo no propio edificio da escola municipal outras actividades que non se computarían nese horario da propia escola municipal. Di que é certo que os horarios se

establecen nas preinscricións pero que a maioría dos pais e nais traballadoras quedan fóra do horario da gardería porque teñen que marchar a traballar. Remata dicindo o sr Sierra que o actual goberno municipal leva moitos anos no Concello e debería ter vergoña de non ter solucionado este tema que leva pendente tantos anos.

Di o sr Alcalde que o sr Sierra ten o costume de falar de memoria e mesturar todo, e que o regulamento da gardería comezou a confeccionarse a principios de curso polo novo profesorado. Di que unha vez feito enviouse á Xunta, cumpríronse os trámites e agora no mes de marzo xa está aprobado, polo tanto é difícil que se poda dicir que se leva dous anos na tramitación deste Regulamento.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por quince votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Dacal Feijoo, Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) e unha abstención (do concelleiro Sierra Nieves) o Pleno acorda:

Primeiro: Aprobar inicialmente o Regulamento de réxime interno da Escola Infantil Municipal do Barco de Valdeorras e derrogar o Regulamento de Réxime Interno da Gardería Infantil Municipal do Barco de Valdeorras publicado no B.O.P. de Ourense de 21 de outubro de 1998, cando entre en vigor o presente Regulamento de réxime interno da Escola Infantil Municipal do Barco de Valdeorras. O texto do Regulamento réxime interno da Escola Infantil Municipal do Barco de Valdeorras é o seguinte:

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO BARCO DE VALDEORRAS

ÍNDICE:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

CAPÍTULO I: OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1: Obxecto

Artigo 2: Ámbito de aplicación e definición do centro

Artigo 3: Datos identificativos

CAPÍTULO II: FUNCIONAMENTO

- Artigo 4: Obxectivos xerais das Escolas Infantís
- Artigo 5: Obxectivos específicos da Escola Infantil do Barco de Valdeorras
- Artigo 6: Capacidade do centro
- Artigo 7: Servizos que oferta o centro
- Artigo 8: Calendario e horarios de funcionamento

CAPÍTULO III: PRODEMENTO DE SOLICITUDE DE PRAZAS

- Artigo 9: Requisitos dos solicitantes
- Artigo 10: Renovación de prazas
- Artigo 11: Solicitudes de novo ingreso
- Artigo 12: Urxencias
- Artigo 13: Documentación a presentar coa solicitude
- Artigo 14: Solicitudes incompletas
- Artigo 15: Baremo de admisión
- Artigo 16: Relación provisional de admitidos e excluídos
- Artigo 17: Reclamacións
- Artigo 18: Relación definitiva de admitidos e listaxe de agarda
- Artigo 19: Documentación complementaria
- Artigo 20: Solicitudes fóra de prazo
- Artigo 21: Baixas
- Artigo 22: Composición da comisión de baremación

CAPÍTULO IV: ESTRUTURA ORGANIZATIVA

- Artigo 23: Estrutura organizativa da Escola Infantil
- Artigo 24: Funcións do Persoal da Escola
- Artigo 25: Procedemento para substitución e imprevistos do persoal

CAPÍTULO V: NORMATIVA REFERENTE A TODO O PERSOAL

- Artigo 26: Dereitos do persoal
- Artigo 27: Obrigas do persoal
- Artigo 28: Promoción da lingua
- Artigo 29: Dereitos dos/das nenos/as da Escola
- Artigo 30: Normas de hixiene e saúde persoal
- Artigo 31: Normas de nutrición
- Artigo 32: Normas de convivencia
- Artigo 33: Fomento de valores para a convivencia
- Artigo 34: Uso das dependencias e materiais
- Artigo 35: Nenos/as con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais
- Artigo 36: Dereitos dos/as pais/nais /representantes legais
- Artigo 37: Deberes dos/as pais/nais/representantes legais

Artigo 38: Normativa referente á infraestrutura do centro
Artigo 39: Participación das/dos nais/pais/representantes legais

CAPÍTULO VI: PREZOS E FINANCIACIÓN DO SERVIZO

Artigo 40: Réxime de prezos
Artigo 41: Financiamento

CAPÍTULO VII: PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Artigo 42: A entrada na escola infantil

DISPOSICIÓN ADICIONAL
DISPOSICIÓN DERROGATORIA
DISPOSICIÓN FINAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no Título I, capítulo I art. 12 define a Educación Infantil como a etapa educativa de atención de nenos e nenas de ata 6 anos de idade, establecendo o seu carácter voluntario e coa finalidade de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos/as nenos/as, sendo de recoñecida importancia a cooperación dos centros de Educación Infantil cos pais e nais, co obxecto de respectar a súa responsabilidade fundamental. A Educación infantil organízase en dous ciclos, o primeiro comprende ata os 3 anos, e o segundo dende os 3 ata os 6 anos de idade.

A Escola Infantil está xestionada polo Concello dende o seu inicio en novembro do 1998 e ten como obxectivo que a poboación de nenos/as destas idades poidan ser acollidos, coidados e educados nun contexto de calidade, que responda ás súas necesidades, que se respecten os seus dereitos, medren seguros e integrados na súa comunidade e que sexan axudados a desenvolver todas as súas capacidades.

Este servizo público responde tamén ás necesidades das familias, tratando de axudar a nais, pais, titores/as ou representantes legais a conciliar a súa vida laboral e persoal.

Entendendo a Educación Infantil como unha etapa única e con identidade propia, cómpre establecer unha normativa específica que regule as escolas infantís de 0-3 anos, tanto no referente ao seu funcionamento como na súa organización e xestión.

As escolas infantís constitúen un primordial e excelente contexto de socialización e teñen un labor fundamental na detección precoz de dificultades no desenvolvemento dos/as menores, xogando un papel fundamental na compensación de carencias e desigualdades que teñen a súa orixe nas diferencias sociais.

Dentro deste marco a Escola Infantil do Barco de Valdeorras, pretende poñer en marcha o regulamento de réxime interno do servizo público da Escola Infantil Municipal, enmarcándose nas seguintes referencias lexislativas:

- * Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia
- * Decreto 143/2007 do 12 de xullo, que regula o réxime de autorización e acreditación dos centros de servizos sociais.
- * Decreto 329/2005, do 28 de xullo, pola que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.
- * Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- * Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- * Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- * Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísmo no ensino non universitario de Galicia.
- * Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización Lingüística.

CAPÍTULO I: OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1: OBXECTO

O presente regulamento ten por obxecto establecer a organización e o funcionamento do servizo público da Escola Infantil Municipal do Barco de Valdeorras, concibida como un espazo privilexiado onde asenta a educación, permitindo a mellora constante das relacións entre a dirección da Escola, os pais, nais, titores/as ou representantes legais, os/as educadores/as e a administración titular do centro, así como o procedemento de adxudicación de prazas e as condicións de uso.

Artigo 2: ÁMBITO DE APLICACIÓN E DEFINICIÓN DO CENTRO

O ámbito de aplicación deste regulamento é a Escola Infantil Municipal do Barco de Valdeorras. Defínese como centro diúrno con carácter socioeducativo dirixido á poboación infantil dende os tres meses de idade

ata os tres anos, co obxectivo de favorecer o desenvolvemento harmónico e integral dos/as nenos/as, con dúas funcións engadidas importantes: apoiar ao labor educativo da familia e facilitar a conciliación da vida laboral e familiar.

Así mesmo, a escola infantil 0-3 debe entenderse baixo os principios e contidos educativos recollidos no currículo de primeiro ciclo de educación infantil da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3: DATOS IDENTIFICATIVOS

1. Titularidade: A titularidade do centro está a cargo do Excmo. Concello do Barco de Valdeorras, con número de rexistro: E-433-C-1

2. Permiso de inicio de actividades: O permiso de inicio de actividades en virtude de Resolución de data de 10-12-1998.

3. Datos Xerais:

Enderezo: Florencio Delgado Gurriarán núm. 20

Teléfonos: 988325818

E-mail: e.infantil.municipal@concellodobarco.org

CAPÍTULO II: FUNCIONAMENTO

Artigo 4: OBXECTIVOS XERAIS DAS ESCOLAS INFANTIS 0-3 ANOS

- Fomentar o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos nenos e nenas a través de contornos educativos de calidade en colaboración coas familias.
- Compensar as desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais atendendo á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades dos nenos e das nenas e das súas familias.
- Responder ás necesidades das familias na educación e crianza dos seus fillos e fillas, adaptando de maneira flexible a organización e os servizos do centro como instrumento para favorecer a conciliación entre a vida familiar, laboral e persoal.
- Procurar a corresponsabilidade entre a escola e as familias na educación e atención dos nenos e nenas, establecendo lugares de encontro entre os dous axentes.
- Construír un modelo educativo democrático e plural abrindo o goberno e o funcionamento dos centros á participación de toda a comunidade educativa.

- Desenvolver procesos educativos de calidade fomentando a colaboración entre familias, profesionais, centros, diferentes administracións e o conxunto da sociedade.
- Fomentar a igualdade efectiva entre os nenos e as nenas promovendo actividades e comportamentos que favorezan o exercicio da igualdade de dereitos e oportunidades.

Artigo 5: OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ESCOLA INFANTIL DO BARCO DE VALDEORRAS

Os obxectivos da Escola fundaméntanse en dúas funcións básicas:

- 1- Promover e fomentar o desenvolvemento físico, intelectual, afectivo e social dos/as nenos/as.
- 2- Servir de medida de apoio á unidade de convivencia e facilitar, polo tanto, a conciliación da vida familiar e laboral.

Partindo destas premisas establécense os seguintes obxectivos:

- Favorecer o desenvolvemento harmónico e global do neno e da nena, a través do xogo, para un axeitado establecemento de relacións sociais e afectivas.
- Facilitar o desenvolvemento nos/as nenos/as con respecto ás seguintes capacidades, valores e actitudes.
- Coñecer o seu propio corpo e as súas posibilidades de acción.
- Favorecer as relacións cos demais a través de distintas formas de expresión e de comunicación, fomentando a creatividade.
- Observar e explorar o seu entorno natural, familiar e social, estimulando a súa autonomía.
- Adquirir progresivamente unha autonomía nas actividades da vida diaria.
- Fomentar valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade, respecto, igualdade de oportunidades, xustiza, liberdade, etc.
- Fomentar a coeducación, eliminando calquera trato diferencial por razón de sexo.
- Coñecer a realidade social, cultural e lingüística da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Prestar especial atención á diversidade de alumnos/as, respectando as diferencias que existen entre eles, tanto físicas e intelectuais como culturais, facilitando a súa integración.
- Promover a comunicación e a participación activa da comunidade e a familia na escola, a través dunha escola democrática baseada no diálogo entre a escola e os pais.

Artigo 6: CAPACIDADE DO CENTRO

A Escola Infantil Municipal, con capacidade para 61 prazas, coa seguinte ratio:

- 1 unidades de 0-1 ano cunha ratio de 8 nenos/as por unidade.
- 1 unidades de 1-2 anos cunha ratio de 13 nenos/as por unidade.
- 2 unidades de 2-3 anos cunha ratio de 20 nenos/as por unidade.

Estas ratios enténdense como número máximo de nenos/as por unidade nos diferentes tramos horarios. De tal xeito que, a agrupación de alumnos e alumnas axustarase, estrictamente, ás ratios "unidade escolar/alumno/a" que establece a normativa autonómica vixente, o Decreto 329/2005 pola que se regulan os requisitos específicos que deben reunir os centros de menores e os centros de atención á infancia.

Artigo 7: SERVIZOS QUE OFERTA O CENTRO

A Escola Infantil Municipal oferta dous tipos de servizos: servizos básicos e servizos optativos ou complementarios.

Servizos básicos:

a) Atención educativa, conforme aos obxectivos, principios e fins do currículo do primeiro ciclo da educación infantil de Galicia, correspondéndolle un máximo de dúas e media do tempo total de asistencia á escola infantil.

Inclúe actividades complementarias insertas no currículo tales como:

- Festividades tradicionais de nosa terra: Samaín, Magosto, Entroido, os Maíos, etc.
- Festivais: Nadal e Fin de curso.

b) Atención social, garantindo un horario mínimo de apertura do centro, establecendo, en todo caso, flexibilidade nos horarios de asistencia dos nenos e das nenas á escola.

c) Información e asesoramento de familias ou titores legais sobre temas do seu interese como a educación dos seus fillos e fillas, elección de xoguetes, menús, control de esfínteres, trastornos do sono, etc.

d) Servizos optativos ou complementarios:

1º Servizo de comedor.

O servizo de comedor consiste na preparación e distribución dos alimentos polo persoal do centro, en cumprimento da normativa sanitaria. Este servizo

abrange o xantar, cun menú adaptado ás súas necesidades. O servizo de comedor suxeitase ás seguintes regras:

1. A Escola Infantil prestará o servizo de comedor diariamente, que será de uso voluntario. O horario de comedor será de 12:45 a 13:30.

2. O centro publicará no taboleiro de anuncios da Escola unha relación dos menús previstos, que tamén dará por escrito os pais e nais, os cales procurarán proporcionar unha dieta sa, equilibrada e axeitada ás idades dos alumnos/as.

A calidade dos menús deberá ser controlada a través de análises periódicos de laboratorio. Todo elo será recollido no APPCC (Análises de Puntos Críticos de Control) do centro.

3. Poderán usar o servizo de comedor eventualmente os/as menores que, de forma xustificada, así o precisen, pagando a cota establecida, avisando con un día de antelación.

4. Cando os usuarios fixos do comedor non utilizasen o servizo deberán avisar con antelación ou ben o mesmo día antes das 10:00h.

5. Se o/a menor atendido/a é alérxico/a a algún alimento, os pais/nais ou representantes legais deberán poñelo en coñecemento da dirección do centro detallando os produtos que quedan excluídos da súa dieta. Nos casos máis severos poderase acordar que poderán traer a comida das súas casas responsabilizándose os pais, nais, titores/as ou representantes legais dos/as nenos/as tanto do bo estado e a calidade dos alimentos como dos efectos que lles poidan causar, asinando a autorización correspondente.

Se é necesario administrar biberóns os menores de 18 meses, ou algún leite especial estes deberán ser traídos polos pais ou nais. E deberán asinar o modelo de autorización.

6. O almorzo contéplase no caso dos bebés (0-1 ano) e naqueles nenos e nenas de maior idade en casos xustificadas.

7. Durante o período de adaptación de cada curso escolar os nenos/as non poderán empregar o servizo de comedor, para facilitar a súa mellor adaptación.

8. Prazas:

- A capacidade máxima do servizo é de 28 comensais

- A capacidade máxima alumno/educadora é de 5 comensais exceptuando a educadora do grupo 0-1 anos que lle dá de comer ó número total do alumnado da aula (máximo 8 nenas e nenos).

- Aos bebés lactantes e as prazas derivadas de servizos sociais (5% da totalidade de alumnado da escola) adxudicaráselle a praza de comedor debido ás necesidades propias destes supostos.

9. Será requisito imprescindible para a adxudicación da praza de comedor, debido á necesidade de conciliar a vida familiar e laboral, entendendo pola mesma, que ambos proxenitores, ou un de eles no caso de familias monoparentais, traballen no horario de prestación do servizo de comedor. (Acreditado debidamente con anterioridade á adxudicación da praza).

10. Criterios e orde de prioridade para a adxudicación de prazas de comedor:

Para o caso de que a capacidade máxima do comedor non resultara suficiente para atender todas as solicitudes, as prazas de comedor adxudicaranse de acordo os seguintes criterios preferentes:

1º Terán preferencia en primeiro lugar os fillos/as de traballadores/as do centro

2º En segundo lugar terán preferencia a concorrencia de discapacidade en grao superior ou igual ó 33% na alumna/o, algún dos seus irmáns, nai, pai ou titor legal.

3º En terceiro lugar terá preferencia a condición de familia numerosa.

4º En cuarto lugar terá preferencia outros criterios complementarios de admisión temporal, con carácter obxectivo (por exemplo, un informe de servizos sociais).

5º En último lugar terá preferencia aqueles solicitantes cuxa familia teña menor renda anual da unidade familiar (IPREM).

En base ás solicitudes recibidas organizarase o servizo respectando as ratios por educador/a, persoal de cociña e capacidade máxima do comedor.

Cos datos obtidos publicarase unha listaxe provisional de admitidos e excluídos, darase un prazo de 5 días hábiles para reclamacións. Pasado o mesmo, publicarase a listaxe definitiva de adxudicatarios.

No caso de que a demanda non sexa o total das prazas, quedarán as prazas baldeiras para a posible incorporación de novo alumnado que o solicite e cumpra os requisitos anteriormente sinalados.

2º Actividades extraescolares e complementarias, entendidas como experiencias de innovación pedagóxica complementaria e extracurriculares a través de unidades didácticas (obradoiros, talleres...); ademais celébranse as festas estacionais e tradicionais (magosto, samaín, nadal, entroido, etc.)

así como o día das letras galegas, día da paz e o día da nai e do pai, e os aniversarios dos nenos e nenas. Ademais, pero sempre en horario da Escola, organízanse saídas ao exterior axeitadas a cada idade.

3º Biblioteca escolar: entendida como a biblioteca escolar multimedia composta por contos para nenas e nenos facilitando o préstamo a domicilio e con material audiovisual co obxectivo de favorecer o desenvolvemento a través do xogo interactivo e promover a lectura.

Artigo 8: CALENDARIO E HORARIOS DE FUNCIONAMENTO

a) Calendario

1. A Escola Infantil prestará o seu servizo os doce meses do ano (agás no mes de agosto, si non existe demanda suficiente para crear unha unidade internivelar), de luns a venres.
2. Serán días festivos da escola os establecidos no calendario laboral polo Estado e a Comunidade Autónoma e os festivos locais e que se trasladarán por circular aos usuarios/as do centro.
3. Durante o mes de xullo e agosto o centro poderá ter horario reducido.
4. Os nenos e as nenas deberán gozar dun mes de vacacións (preferiblemente xullo ou agosto) a non ser que circunstancias suficientemente xustificadas o impidan.
5. Durante os meses de xullo e agosto e nos diferentes períodos vacacionais levaranse a cabo actividades infantís distintas que no resto do curso.

b) Horarios e tipo de xornada

1. O horario de funcionamento da escola iníciase ás 07:45 h. da mañá e prolongase ata as 16:30 de xeito continuado. Pode ser en media xornada e xornada continuada (con ou sen servizo de comedor)
2. O horario máximo de permanencia dos/as nenos/as na Escola Infantil Municipal será con carácter xeral de oito horas diarias, de xeito continuado ou partido, agás causas excepcionais e convenientemente xustificadas, que poderá ampliar este horario, en interese do/a menor.
3. As actividades guiadas son entre as 10:30 h. e as 12:30 h.
4. O horario de entrada-saída dos/as nenos/as débese caracterizar pola flexibilidade que requiran as necesidades da familia, sempre que non supoña alteración das actividades dos/as demais nenos/as e do funcionamento normal do centro. Por este motivo, recoméndase entrar no centro antes das 10:30 h. Unha vez fixados os horarios, as familias procurarán respectalos, avisar das demoras e consultar os cambios.

5. Ó remate da xornada os/as menores serán entregados ás familias ou representantes legais. Nos casos de ser outras persoas as que recollen ás nenas ou nenos, teñen que estar autorizadas.

6. O alumnado terá un proceso de adaptación incorporándose paulatinamente ó centro, seguindo o horario e quendas que lle indiquen os/as titores/as, para facilitar a adaptación ó medio escolar. Na reunión de principio de curso informárase aos pais/nais ou representantes legais tanto do calendario como do proceso de adaptación.

7. O horario do servizo de comedor será de 12:45 a 13:30.

8. As portas do centro pecharán as 10,30 (salvo en casos excepcionais) e deben estar todos/as para empezar as actividades habituais do día, abríranse de novo para a primeira saída dos nenos sen comedor.

9. Un modelo de xornada que abrangue todo o horario ofertado, podería ser o seguinte:

* 07:45 a 10:30 – Apertura e xogo libre

* 10:30 a 10:40 - Merenda

* 10:45 a 12:30 – Aula. Cada grupo vaise coa súa titora, que realiza o estipulado e programado para a xornada co seu grupo de alumnos/as, recollido na súa programación de aula, en base o proxecto educativo de centro.

* 12:30: Primeira saída da escola dos nenos/as

* 12:30 a 13:30: Xantar

* 14:00: Saída da escola dos nenos/as

* 13:30-16:00: Sesta

* 16:00-16:30: Xogo libre e peche

CAPÍTULO III: PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE DE PRAZAS: ADMISIÓN E BAIXAS

Artigo 9: REQUISITOS DOS SOLICITANTES

1. Para ser adxudicatario/a de praza para os/as menores se deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter unha idade mínima de tres meses na data de ingreso na Escola Infantil.

b) Non ter cumpridos os tres anos de idade ó 31 de decembro do ano que se solicita praza, agás situacións especiais que estimará a comisión de baremación.

c) Ter nacido o usuario no momento de presentación da solicitude.

d) Ter a súa residencia en Galicia.

2. No caso concreto de nais xestantes na data de efectuar a solicitude, a mesma será considerada como unha solicitude fóra de prazo.

3. Poderán eximirse do límite de idade os nenos e nenas con discapacidade física, psíquica ou sensorial susceptibles de integración, logo do ditame da dirección do centro, o equipo de orientación específico e inspección educativa.

Artigo 10: RENOVACIÓN DE PRAZAS

As familias con nenos e nenas xa matriculados na escola infantil que desexen renovar prazas no mesmo centro, deberán cubrir a folla de reserva de praza, que lle será facilitada na escola infantil e que deberán presentar na propia Escola. Asemade xustificarán documentalmente os ingresos económicos actualizados, así como outros datos, que varíen substancialmente a situación sociofamiliar.

Artigo 11: SOLICITUDES DE NOVO INGRESO

As solicitudes de novo ingreso recolleranse na Escola Infantil Municipal e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello do Barco de Valdeorras.

Artigo 12: URXENCIAS

1. Ao longo do curso o centro atenderá solicitudes urxentes que non se atopen en lista de espera. Entenderanse como urxencias situacións familiares de conflito que poidan xurdir por motivos laborais ou de saúde. Neste caso a familia interesada deberá presentar solicitude debidamente xustificada e será valorada para a admisión.

Enténdense por ingresos de urxencia os casos de :

- a) Nenos ou nenas tutelados/as pola administración autonómica,
- b) Os/as fillos/as de mulleres que se atopen en casas de acollida ou vítimas de violencia de xénero
- c) Naqueles outros casos onde as circunstancias socioeconómicas e familiares requira na intervención inmediata, tralo informe dos servizos sociais do concello.

2. Reservaranse un 5% das prazas para nenos/as enviados do Departamento de Servizos Sociais.

Artigo 13: DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE

Os pais/nais/representantes legais do/a neno/a presentarán a solicitude de ingreso debidamente cumprimentada e acompañada da seguinte documentación

a) Documentación acreditativa da situación familiar

-Fotocopia do libro de familia íntegro ou no seu defecto outro documento que acredite oficialmente a situación familiar. Se hai fillos/as de anteriores matrimonios que convivan no domicilio, por ter asignado o pai/nai a garda e custodia, tamén se entregará a fotocopia compulsada destes libros de familia.

-Fotocopia do DNI/NIE do pai/nai/ou representante legal.

-Volante de empadramento colectivo de convivencia expedido polo Concello.

-En caso de ser familia numerosa, fotocopia do Libro de familia numerosa.

-Fotocopia da sentenza de separación ou divorcio, no seu caso.

-No caso de acollemento do menor, documento que o xustifique.

-No caso de algunha deficiencia ou enfermidade alegada polos membros da unidade familiar, certificado expedido polo organismo competente.

-No caso de nenos/as con algunha deficiencia física, psíquica ou sensorial, certificado expedido polo organismo competente.

-No caso de nenos/as con necesidade específica de apoio educativo ou integración, informe do equipo de valoración e orientación da delegación provincial.

-Demais documentación que se determine no modelo que se aprobe.

b) Documentación acreditativa da situación socioeconómica e laboral da unidade familiar

-Fotocopia da última nómina ou informe da vida laboral, ou no seu caso, certificación acreditativa do INEM de estar en situación de desemprego con percepción ou non de prestacións de todos os membros da unidade familiar.

-Persoas que presentaron declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas: Copia da última declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas dos membros da unidade familiar. En caso de declaracións individuais, copia da declaración de cada persoa da unidade familiar obrigada a declarar.

-Persoas que non presentaron declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas: acreditación da non obrigatoriedade da presentación/certificado de retribucións do empregador.

-Fotocopia de certificados de pensións de membros da unidade familiar, etc.

-Demais documentación que se determine no modelo que se aprobe.

c) No caso de vítimas de violencia de xénero, acreditarase por medio de calquera dos seguintes documentos:

-Certificación da orde de protección ou da medida preventiva ou copia autenticada da mesma.

-Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

-Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.

-Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.

-Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.

-Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.

-Demais documentación que se determine no modelo que se aprobe.

d) Outros documentos, nos que consten incidencias familiares, económicas e sociais. Solicitarase informe de servizos sociais sempre que sexa necesario por falta de acreditación documental suficiente ou pola situación especial da unidade familiar.

e) Cando, durante o curso escolar, se produzan circunstancias sobrevidas que afecten ós recursos da unidade familiar, será preciso un informe do/a traballador/a social municipal neste sentido.

Artigo 14: SOLICITUDES INCOMPLETAS

Se a solicitude non reúne os requisitos esixidos no presente Regulamento, requirirase ó interesado/a para que, nun prazo de dez días hábiles, dende que se lle require, mediante carta certificada, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos con indicación de que, se así non o fixese, quedará desistido da súa petición.

Artigo 15: BAREMO DE ADMISIÓN

1. As prazas adxudicaranse segundo os seguintes criterios preferentes:
 - En primeiro lugar terán preferencia as/os solicitantes que pretendan a renovación no centro.
 - En segundo lugar terán preferencia as/os solicitantes cunha/cun irmá/n no centro con praza renovada no centro.
 - En terceiro lugar os fillo/as do persoal que presta servizo no centro.
2. As prazas que queden vacantes adxudicaranse ás/ós solicitantes segundo o baremo que determine en cada momento a Consellería correspondente da Xunta de Galicia para as escolas infantís de 0 a 3 anos da súa titularidade, mediante o que se avaliará os factores sociofamiliares, laborais, e económicos da unidade familiar.
3. No caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade a solicitude de atención con servizo de comedor, e en segundo lugar a da renda per cápita máis baixa, e de seguir o empate, o factor determinante sería a suma maior dos criterios sociofamiliares.
4. Se durante o prazo para realizar as solicitudes, cambiasen as circunstancias dos solicitantes, deberán comunicalo mediante a documentación oportuna.

Artigo 16: RELACIÓN PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

1. A comisión de baremación, unha vez efectuada a proposta de admisión, fará pública a relación provisional de admitidos e excluídos coa puntuación obtida no taboleiro de anuncios da Escola Infantil, no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello.
2. A data de publicación desta relación en ningún caso será despois do 20 de maio.

Artigo 17: RECLAMACIÓNS

1. Os solicitantes que o desexen poderán efectuar as reclamacións que estimen oportunas á relación provisional de admitidos e excluídos, no prazo de 10 días hábiles contados dende a data de exposición da relación provisional, conforme o artigo 84 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
2. As reclamacións serán resoltas pola Comisión de Baremación nun prazo máximo de dez días.

Artigo 18: RELACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS E LISTAXE DE AGARDA

1. Unha vez resoltas todas as reclamacións, procederase a súa publicación no taboleiro de anuncios do Centro, coa puntuación obtida en cada caso. En ningún caso poderá ser publicada despois do 10 de xuño.
2. Os/as solicitantes admitidos/as deberán formalizar a matrícula na Escola Infantil Municipal entre o día 15 e 30 de xuño debendo presentar a documentación complementaria.
3. As vacantes que se vaian producindo ó longo do curso serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre os/as incluídos/as na listaxe de agarda.
4. Se feita a relación definitiva de admitidos quedasen prazas vacantes nalgún tramo de idade e non houberse listaxe de agarda, levarase a cabo a baremación daquelas solicitudes presentadas fóra de prazo, cubríndose as prazas por puntuación, antes do 1 de setembro.
5. A partir de 15 de setembro, se seguisen existindo prazas vacantes e non houberse listaxe de agarda, a praza será cuberta por rigorosa orde de rexistro de entrada na Escola, sempre e cando reúnan os requisitos esixidos.
6. A partir do 1 de marzo cerra-se o prazo de admisión de nenos e nenas na Escola, agás aqueles supostos excepcionais que contempla este artigo.

Artigo 19: DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

1. Os/as pais/nais/representantes legais dos/as nenos/as admitidos/as á escola infantil firmarán as autorizacións referentes a:
 - Saídas didácticas do centro (segundo o modelo que se aprobe)
 - Realización de fotografías (segundo o modelo que se aprobe)
2. As prazas que sen causa xustificada non estean cubertas aos 30 días de iniciado o curso escolar, consideraranse como vacantes, causando baixa na Escola Infantil Municipal.

Artigo 20: SOLICITUDES FÓRA DE PRAZO

Poderanse presentar solicitudes fóra do prazo establecido nos seguintes casos:

- a) Nacemento do/a neno/a con posterioridade ao prazo de presentación de solicitudes.
- b) Cambio de Concello de residencia da unidade familiar.
- c) Outras circunstancias que de forma motivada aprecie a Comisión de Baremación.

Ás solicitudes presentadas fóra de prazo deberáselle xuntar a xustificación acreditativa da circunstancia que as motiva. Así mesmo estarán condicionadas á existencia de prazas dispoñibles para o grupo de idade do/a neno/a no centro, unha vez esgotada a listaxe de agarda.

Artigo 21: BAIXAS

1. A baixa normalizada producírase ao finalizar o mes de Agosto, excepto que soliciten baixa voluntaria as familias anteriormente.
2. A solicitude de baixa voluntaria non xustificada entre os meses de Outubro e Xuño supón a perda definitiva de praza e a adxudicación da mesma a quen corresponda segundo lista de agarda.
3. Causará baixa na escola infantil municipal por algunha das causas seguintes:
 - a. Por incumprimento da idade máxima regulamentaria.
 - b. Por solicitude das familias ou representantes legais mediante instancia, asinada e presentada na Escola dez días antes do comezo do mes seguinte, segundo o modelo que se aprobe.
 - c. Pola falta de pagamento da cota establecida durante dous meses consecutivos, ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar ao que se refire a débeda.
 - d. Por comprobación de falsidade, ocultación ou manipulación nos documentos ou datos presentados.
 - e. Pola falta de asistencia continuada durante quince días sen causa xustificada
 - f. Pola non presentación da documentación que lle sexa requirida dentro do prazo establecido regulamentariamente.
 - g. Por calquera outra causa que sexa considerada da suficiente entidade, previo informe do equipo docente, como incumprimento reiterado das normas do centro.
 - h. As baixas producidas por calquera dos motivos anteriormente expostos, cubriranse coa listaxe de agarda en cada grupo de idade, por rigorosa orde de puntuación.

Artigo 22: COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE BAREMACIÓN

1. A Comisión de baremación será o órgano encargado de baremar e realizar a lista de admitidos e as de agarda.
2. A Comisión de baremación terá a seguinte composición:

* Presidente: O/a Concelleiro/a de Servizos Sociais

* Secretario: empregado público do Concello do Barco de Valdeorras (con voz e sen voto)

* Traballador/a Social do Departamento de Servicios Sociais

* Director/a da Escola Infantil Municipal.

* Un educador/a da Escola Infantil Municipal.

* Un/unha representante de nais e pais

3. Funcións da Comisión de Baremación:

a. Velar polo cumprimento do proceso de ingreso

b. Velar pola aplicación do procedemento de admisión.

c. Elaborar a listaxe de admitidos e, se corresponde, as listaxes de agarda unha vez sexan baremadas as solicitudes aplicando o baremo anteriormente citado.

d. Facer pública a relación provisional e definitiva de admitidos/as e excluídos/as, coa puntuación obtida e a listaxe de agarda.

CAPÍTULO IV: ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

Artigo 23: ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

A Escola Infantil Municipal dispón da seguinte estrutura organizativa :

a) Dirección:

• Director/a: 1 Mestre ou mestra especialista en Educación Infantil (tempo completo)

b) Equipo Educativo:

• 4 titores/as de aula : Mestres/as Especialistas en Educación Infantil ou Técnicos/as Especialistas en Educación Infantil (tempo completo)

c) Persoal non docente ou de servizos:

• 1 Persoal de limpeza e cociña (6 horas)

Artigo 24: FUNCIONES DO PERSOAL DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

Director/a : funcións

1. Dirixir e coordinar o persoal da escola infantil así como todas as actividades do centro, cara á consecución do proxecto educativo e de acordo coas disposicións vixentes.

2. Propoñer a elaboración do Proxecto Educativo, de acordo coas directrices e criterios establecidos pola Administración Educativa responsabilizándose da súa redacción e velando pola súa correcta aplicación.

3. Convocar e presidir actos académicos e reunións do persoal, executando e facendo cumprir os acordos adoptados nas mesmas.
4. Xestionar os medios humanos e materiais do centro, dinamizando os distintos sectores da comunidade educativa.
5. Expedir os informes que soliciten as autoridades e os/as interesados/as.
6. Velar polo mantemento do equipamento e medios materiais.
7. Dar a coñecer e difundir a toda a comunidade educativa a información sobre normativa, disposicións legais e asuntos de interese xeral ou profesional que se reciba no centro.
8. Coordinar as relacións do persoal coas familias.
9. Prestar atención personalizada aos usuarios a través do desempeño da función educativa de tutoría e directiva.
10. Comunicarlle ao Concello as incidencias relativas ás necesidades de mantemento o centro, baixas do persoal, necesidades materiais e calquera outro acontecemento.
11. Supervisar, coordinar e facer cumprir o correcto desenvolvemento das actividades programadas.
12. Cumprir e facer cumprir as leis, disposicións vixentes, etc. do Regulamento de Réxime Interno.
13. Representar á Escola ante todos os Órganos Oficiais
14. Asegurar o cumprimento do traballo, horario e funcións do persoal do Centro

O Equipo docente: funcións

O Equipo docente correspóndese co persoal de atención directa ós/ás menores e tena responsabilidade de planificar e programar os aspectos educativos.

Son competencias do equipo docente:

1. Elaboración xunto a dirección do centro o proxecto educativo e a programación xeral anual.
2. Establecer os criterios para a elaboración das programacións de aula, a súa aprobación e avaliación e decidir as posibles modificacións.
3. Aprobar a planificación anual e valorar trimestralmente a marcha xeral e o funcionamento da escola.
4. Analizar e valorar os resultados da avaliación así como a evolución da organización e funcionamento xeral do centro.
5. Coñecer as relacións do centro coas institucións do seu contorno.
6. Realizar como mínimo unha reunión trimestral e con carácter obrigatorio.

7. Realizar as funcións educativas incluídas na lexislación vixente para o ciclo educativo, no referente ao desenvolvemento dos/as menores, á preparación e ao deseño de propostas pedagóxicas, coordinación coas familias, hixiene, alimentación e sono dos nenos e nenas, organización de espazos e materiais pedagóxicos, etc.
8. Participar en actividades de formación permanente.
9. A persoa de apoio rotará entre todos os docentes. Establecéndose as quendas de rotación para os docentes que acaben o ciclo, e dicir, será persoal de apoio o curso seguinte aquela persoa ou persoas que acaben o seu ciclo e o alumnado acabe o seu paso pola Escola Infantil. Tendo preferencia o persoal laboral fixo e a súa antigüidade.
10. Elaborar e presentar a memoria anual da Escola Infantil

Os/as titores/as

Ademais de exercer funcións educativas e atender ás rutinas diarias de cada neno/a, o/a titor/a terá ao seu cargo a atención persoal do grupo educativo coas seguintes funcións:

1. Elaborar as programacións e actividades da aula, baixo as directrices do coordinador/a educativo/a e do equipo educativo.
2. Coñecer as características persoais de cada alumno/a a través da análise do expediente persoal e outros instrumentos válidos.
3. Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no desenvolvemento de cada alumno/a.
4. Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe dos/das alumnos/as.
5. Facer a integración do alumnado no grupo e fomentar a participación nas actividades do centro.
6. Coordinar o proceso de axuste de diferentes metodoloxías para o mesmo grupo.
7. Colaborar co resto dos/as titores/as no proxecto educativo e curricular de centro.
8. Informar ós/ás pais/nais/representantes legais de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o proceso educativo dos seus fillos/as.
9. Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informados ós/ás pais/nais ou titores legais e á Dirección do centro.
10. Fomentar a colaboración das familias nas actividades de ensinanza-aprendizaxe e no proceso educativo dos/das fillos/as.

Persoal de cociña e limpeza:

1. Posuír o carné de manipulación de alimentos e mantelo en vigor.

2. Elaborar os menús deseñados xunto a dirección e seguindo as directrices dun/ha experto/a en dietética e nutrición, atendendo ás recomendacións ditadas polo/a mesmo/a.
3. Limpar as áreas de cociña, comedor, aseos e almacéns e a limpeza das aulas.
4. Elaborar a lista da compra de alimentos e subministracións da cociña.
5. Realizar o empratado da comida para as nenas e nenos.
6. Manter actualizados os partes do A.P.P.C.
7. Realizar a limpeza de todas as aulas e demais dependencias da escola alleas á área de cociña e comedor reflectidas no artigo anterior.
8. Calquera outra función no ámbito da súa competencia.

Artigo 25: PROCEDEMENTO PARA SUBSTITUCIÓNS E IMPREVISTOS DO PERSOAL

O procedemento a seguir o caso de baixas ou imprevistos no persoal da Escola será o seguinte:

- Comunicación ó departamento remitindo o correspondente parte de baixa ou xustificación do imprevisto.
- Este será substituído por persoal coa debida titulación inscrito na bolsa de traballo rexente para ese curso seguindo a orde de chamamentos establecido na mesma.
- De non existir bolsa de traballo, seleccionaríase o persoal pola vía legal que corresponda.
- Comunicación á Subdirección de Inspección de Centros de servizos sociais das copias cotexadas das titulacións e a declaración do Alcalde conforme cumpren os requisitos establecidos no Decreto 329/2005 do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención a infancia.

CAPITULO V: NORMATIVA REFERENTE A TODO O PERSOAL

Artigo 26: DEREITOS DO PERSOAL

Os dereitos do persoal da Escola Infantil Municipal son:

1. Recibir regularmente información da marcha e do funcionamento da Escola.
2. Presentar propostas que contribúan a mellorar o funcionamento da escola e a atención prestada aos menores.

3. Desenvolver, o equipo docente, as súas funcións educativas segundo o seu criterio persoal, sempre que se axusten ao proxecto educativo e á programación da Escola.
4. Recibir, dentro das posibilidades da escola infantil municipal, os recursos e os medios precisos para desenvolver as súas funcións axeitadamente en beneficio do alumnado.

Artigo 27: OBRIGAS DO PERSOAL

Son obrigas do persoal da Escola Infantil Municipal:

1. Cumprir e facer cumprir de acordo coas súas funcións o presente regulamento.
2. Velar polo respecto aos dereitos dos e das menores recollidos no presente regulamento e aqueles outros recoñecidos na lexislación vixente.
3. Gardar estrita confidencialidade sobre os datos persoais dos e das menores e das súas familias aos que teñen acceso no desenvolvemento das súas funcións.
4. Cumprimento das tarefas e responsabilidades derivadas do seu posto de traballo.
5. Desenvolver, por parte do equipo docente, as súas funcións de acordo co marco lexislativo vixente en materia educativa para o tramo de idade de 0 a 3 anos.

Artigo 28: PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA

A lingua utilizada na Escola Infantil con cada nena/o individualmente será a lingua materna dos nenos/nenas. Deberase promover a lingua galega ó abeiro da lei 3/1983 de Normalización Lingüística e do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Tal e como recolle o Decreto o profesorado usará a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que terá en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral, o coñecemento da outra lingua oficial dentro dos límites da etapa ou ciclo. A lingua predominante do alumnado será determinada polo centro educativo co resultado dunha pregunta que se efectuará aos pais, nais, titores legais antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo ou filla.

Artigo 29: DEREITOS DOS/AS NENOS/AS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

Os nenos e nenas matriculados na Escola Infantil Municipal terán os seguintes dereitos:

1. Acceso á Escola e a recibir información sen discriminación por razón de nacionalidade, sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
2. A consideración no trato, debida á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal da escola como das demais persoas usuarias.
3. A confidencialidade e o sigilo profesional sobre os seus datos da historia social, sanitaria ou escolar dos menores e familias.
4. A que se cumpran todas as normas de hixiene e seguridade no desenvolvemento da actividade educativa (dentro e fóra do centro, nas saídas escolares) cos/coas nenos/as.
5. A recibir unha atención e educación personalizada e individualizada, tendo en conta o ritmo de maduración do/da menor asegurando o pleno desenvolvemento da súa personalidade e atendendo ás súas necesidades específicas.
6. Á intimidade persoal.
7. A que se lles facilite o acceso á atención social, sanitaria, educativa, cultural e, en xeral, a todas as necesidades persoais que sexan precisas para acadar o seu desenvolvemento integral.

Artigo 30: NORMAS DE HIXIENE E SAÚDE PERSOAL

1. Os/as nenos/as deberán acudir á Escola Infantil en condicións correctas de hixiene e saúde. Por este motivo, é imprescindible que o aseo na casa se faga a diario e de forma minuciosa.
2. No caso de observarse repetidamente síntomas de falta de atención no coidado dos nenos/as (falta de hixiene, nutrición, etc.) poñerase en coñecemento do Departamento de Servicios Sociais, na procura de realizar a intervención social necesaria cos pais/nais/representantes legais.
3. Os/as nenos/as deberán vir á escola con roupa que lles permita moverse con plena comodidade, non traerán petos, nin tirantes, sobre todo os que están no proceso de controlar esfínteres, que tampouco deberán traer body, para facilitar a súa autonomía.
4. Os/as nenos/as deberán traer sempre unha muda completa de reposto.
5. Os nenos e nenas que usen cueiros deberán traer un paquete deles e un paquete de toallíñas. Este material repoñerase cando sexa preciso.
6. Todos os/as nenos/as que anden deberán traer o mandilón.
7. O persoal que manipule alimentos deberá dispoñer do correspondente carné de manipulador de alimentos.
8. Todo o persoal que realice funcións educativas de coidado e vixilancia dos/as menores deberá acreditar o seu correcto estado de saúde e periodicamente someterse a un recoñecemento médico axeitado para acreditar que non padece enfermidade, nin defecto físico ou psíquico que

impida ou dificulte as súas funcións. Será igualmente preceptiva a vacinación do persoal contra a rubéola co especial compromiso das mulleres en idade fértil de adoptar as medidas sanitarias e preventivas que corresponda durante os tres meses despois da vacinación.

9. No caso de enfermidade ou accidente sobrevido na Escola Infantil, despois das primeiras atencións "in situ", poñerase esta circunstancia en coñecemento dos pais/nais/representantes legais do/a menor, para que recollan ao menor na maior brevidade posible. No caso de non poderse desprazar á escola, ou de que a circunstancia concreta o requirise, procederase ao traslado inmediato do/a neno/a a un centro clínico co fin de garantir que o menor reciba a atención médica axeitada.

Ao formalizar a matrícula os pais, nais e representantes legais dos/as nenos/as asinarán unha autorización de traslado para estes casos.

10. O/a neno/a deberá permanecer na casa no caso de ter febre, diarrea, vómitos, ou enfermidade contaxiosa (rubéola, papeiras, sarampelo, lombrigas, piollos, conxuntivite, etc.). De aparecerlle calquera destes síntomas mentres permanece na escola será posto en coñecemento dos pais/nais/representantes legais para que recollan o/a neno/a o antes posible. No caso de padecer enfermidade contaxiosa o seu reingreso no centro só será posible transcorrido o período de contaxio achegando o informe médico que acredite tal circunstancia (Imprescindible para evitar contaxios no centro).

11. Cando se produza a falta de asistencia á Escola Infantil debido a enfermidade ou outras circunstancias, os/as pais/nais/titores ou representantes legais deberán comunicar este feito á dirección do centro.

12. Nos casos nos que se deban administrar medicinas aos nenos/as, estas deberán ir acompañadas da receita médica actualizada na que constará o nome do/a neno/a, o nome do medicamento, dose e periodicidade de administración. Non se lles administrará ningunha medicación que non veña acompañada da autorización asinada polos/as pais/nais/ representantes legais.

Artigo 31: NORMAS DE NUTRICIÓN

1. A Escola Infantil publicará no taboleiro de anuncios e/ou facilitará aos pais/nais/representantes legais unha relación dos menús previstos mensualmente, que proporcionarán unha dieta sa, equilibrada e axeitada para os distintos grupos de idade.

2. A Escola Infantil prestará un especial coidado en atender os casos nos que o/a neno/a, por motivo de circunstancias persoais, non deba recibir determinados alimentos, debendo estar debidamente informada a dirección

e o persoal do centro desta circunstancia, co seu respectivo informe pediátrico.

Artigo 32: NORMAS DE CONVIVENCIA

1. Recomendamos o cumprimento dos horarios de entrada e saída que os pais estipulen para os/as alumnos/as, así como a puntualidade, co fin de poder dar comezo ás actividades programadas.
2. Prohíbese terminantemente traer ós nenos/as cunha temperatura igual ou superior a 38º, neste caso, chamarase ós pais para que acudan ó centro recolleren ó neno/a. Se esta situación persistise durante dous días seguidos pedirase un informe médico onde se especifiquen as causas da enfermidade.
3. Ó incorporárense ó centro todos os alumnos/as deberán traer á escola:
 - . Muda completa: bodi ou camiseta, braga ou calzón, pantalón, xersei, calcetíns e calzado.
 - . Un paquete de cueiros si os necesita
 - . Un paquete de toallíñas
 - . Pomada para o cuíño
 - . Vasiño de plástico
4. Todo este material será para deixar no centro, polo que estará todo marcado co nome do alumno/a, así como os obxectos que traian á Escola, abrigos, chaquetas e mandilóns, para evitar posibles perdas e confusións.
5. Establecerase unhas horas de titoria para cada grupo de alumnos. A cita para as titorías solicitarase previamente.
6. Recomendamos non traer xoguetes (evitando de esta forma conflitos e perdas) a excepción dos primeiros días de asistencia, que coinciden co período de adaptación ó centro. Xa que o xoguete ou obxecto de apegamento, serve nestes intres como instrumento para o achegamento ó novo entorno e como elemento de socialización.

Artigo 33: FOMENTO DE VALORES PARA A CONVIVENCIA

Co fin de desenvolver nos/as menores hábitos e actitudes que promovan a convivencia pacífica e a resolución de conflitos, se levarán a cabo estratexias de intervención vinculadas á seguinte temática:

1. A coeducación: o persoal do centro poñerá especial coidado nas actitudes, linguaxe, materiais didácticos, etc. para a promoción da igualdade e o afastamento de estereotipos e tópicos sexistas.

2. A diversidade: o recoñecemento e o respecto do "diferente" como positivo e enriquecedor, traballando dende a interculturalidade, a inclusión e integración.

3. Educación para a paz, a solidariedade e a cooperación, a través da resolución pacífica de conflitos na aula e co fin de desenvolver actitudes e hábitos solidarios, tolerantes e respectuosos cos demais.

Artigo 34: USO DAS DEPENDENCIAS E MATERIAIS

1. As dependencias e materiais da Escola Infantil serán utilizadas para uso das actividades educativas e asistenciais que implican a prestación do servizo polo persoal da mesma e os/as nenos/as que asisten á mesma así como os seus pais/nais/ representantes legais. Tamén poderán ser utilizadas para impartir ou recibir cursos de formación para o persoal do centro.

2. Todos os materiais dispoñibles na Escola Infantil serán utilizados exclusivamente para uso das actividades educativas, asistenciais e de formación que implican a prestación do servizo polo persoal da mesma e os/as nenos/as que asisten á mesma así como os seus pais/nais/representantes legais.

Artigo 35: NENOS/AS CON DISCAPACIDADES FÍSICAS, PSIQUÍCAS OU SENSORIAIS

1. As prazas para nenos/as con discapacidade física, psíquica ou sensorial, previo ditame o equipo de orientación específico, están supeditadas a que o centro conte coas condicións infraestructurais idóneas e de persoal axeitado e suficiente para atender ás necesidades educativas dos/as menores.

2. En ningún caso poder haber máis dun neno ou nena con discapacidade física, psíquica ou sensorial por aula, contabilizándose a efectos de ratio como dúas prazas.

3. A Escola Infantil porá en marcha, a través do seu equipo docente e do departamento de orientación, todas as estratexias de intervención necesarias para o axeitado desenvolvemento e integración dos nenos e nenas con algún tipo de discapacidade.

4. Os Servizos Sociais de Atención Primaria colaborarán co persoal da Escola Infantil no referente á tramitación de posibles prestacións económicas e sociais, e ó seguimento e atención do/a menor e da familia.

Artigo 36: DEREITOS DOS/AS PAIS/NAIS REPRESENTANTES LEGAIS

1. A consideración no trato, á dignidade da persoa por parte do persoal da escola como das demais persoas usuarias, sen discriminación por razón

de nacionalidade, sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

2. A confidencialidade e o sigilo profesional sobre os seus datos da historia social, sanitaria ou económica.

3. A ser informados do desenvolvemento diario da/o nena/o promovendo a súa participación e colaboración dunha maneira activa cara á mellor consecución dos obxectivos educativos.

4. A ser escoitados e manifestar a súa discrepancia respecto ás decisións educativas que lles afecten, a través das vías oportunas.

5. A realizar visitas das instalacións do centro e promover entrevistas persoais antes de comezar o curso e ó longo do curso, cando así o soliciten, sen entorpecer o transcurso normal das actividades.

6. A deixar de utilizar os servizos ou abandonar a escola por vontade propia.

7. A asociarse co obxecto de favorecer a súa participación nas actividades e proxectos da escola.

8. A participar nas actividades previamente planificadas polo persoal docente.

Artigo 37: DEBERES DOS/AS PAIS/NAIS REPRESENTANTES LEGAIS

1. Cumprir as normas sobre a utilización e funcionamento do centro e os seus servizos establecidos neste regulamento.

2. Aboar as mensualidades conforme ó establecido no presente regulamento e no acordo regulador de prezos aplicable á Escola Infantil Municipal do Concello do Barco de Valdeorras.

3. Asinar os documentos requiridos no momento da formalización da matrícula:

- Autorización para saídas do centro
- Autorización para fotos
- Lingua materna

4. Manter unha conducta inspirada no mutuo respecto, tolerancia, colaboración encamiñada a unha mellor convivencia.

5. Colaborar e participar na vida do centro na procura de acadar os fins e obxectivos educativos propostos.

6. Responsabilizarse daquelas situacións nas que por motivos de saúde ou malestar os/as nenos/as teñan que saír da escola.

Artigo 38. NORMATIVA REFERENTE Á INFRAESTRUCTURA DO CENTRO

Medidas de Seguridade

1. A Escola Infantil Municipal conta cun Plan de actuación para casos de emerxencia e una póliza de responsabilidade civil e accidentes.
2. A Escola Infantil Municipal conta con servizo de prevención de riscos laborais. Esta empresa leva a cabo a avaliación de riscos anual, co informe pertinente, e a formación do persoal.
3. Todo o persoal da Escola Infantil Municipal posúe o Título de Manipulador de Alimentos.
4. Seguindo o APPCC do centro tanto os alimentos preparados no centro como os utensilios de limpeza e as unllas da cociñeira son analizadas periodicamente pola empresa contratada para iso.
5. Ademais, conta tamén cun libro de reclamacións e rexistro de usuarios/as, ademais dos expedientes individualizados de cada neno/a, poñendo en marcha todos os mecanismos posibles para a protección da información que se obteña na organización e desenvolvemento da Escola Infantil Municipal por parte da dirección do centro.

Artigo 39: PARTICIPACIÓN DAS/DOS NAIS/PAIS REPRESENTANTES LEGAIS

Relación familia- escola infantil

1. Dende a Escola Infantil Municipal crearase un bo ambiente de confianza, respecto e seguridade de cara ó trato persoal coas nais e pais das/os nenas/os do centro.
2. A relación cos/as pais/nais/representantes legais deberá ser fomentada pola Dirección da Escola Infantil Municipal e terá como principais obxectivos:
 - Intercambio de criterios educativos
 - A transmisión mutua de información sobre actitudes e comportamento dos/as nenos/as.
 - Compartir opinións sobre incidentes, preocupacións, actividades, etc.
3. A principio de curso celebrarase unha reunión para presentar o proxecto educativo do centro.
4. As/os nais/pais/ representantes legais poderán pedir unha reunión coas titoras/es das/os súas/seus fillas/os para tratar temas relativos á súa evolución.
5. As/os titoras/res de aula poñerán en coñecemento dos pais, nais ou titores de cada neno/a a información relativa a evolución integral que terá carácter trimestral a través dos boletíns de avaliación e de reunións en grupo cos pais, nais ou representantes legais dos/as menores.
6. Dende a Escola Infantil Municipal levaranse a cabo entrevistas coas nais/pais/ representantes legais das/os nenas/os que presenten problemas

evolutivos, afectivos, etc. co fin de garantir unha atención integral e preventiva.

7. As visitas dos/as pais/nais/representantes legais do/as nenos/as realizaranse de conformidade co horario establecido pola Dirección para tal fin.

8. As nenas e nenos serán entregadas/os na escola ó/á pai/nai ou representantes legais, ou a persoa autorizada documentada. Teranse en conta as cuestións concretas reguladas por disposición xudicial, que deberán ser postas en coñecemento da Dirección por quen sustenta a garda e custodia da nena ou neno.

9. Haberá un Libro de Reclamacións a disposición dos usuarios.

10. No mes de xuño haberá unha reunión cos/as pais/nais ou representantes legais dos nenos/as aceptados/as no centro para amosarlles as instalacións da Escola e explicarlles todo o que se considere de interese para eles. Lerase, comentarase e entregarase tamén a normativa do centro. Así mesmo, exporase e comentarase o Regulamento de Réxime Interno e o Proxecto Educativo do Centro que quedarán expostos durante todo o curso no taboleiro de anuncios para poder ser consultado polos pais, nais titores e representantes legais dos nenos e nenas da escola cando o desexen.

Instrumentos de información a pais e nais

Os instrumentos de información de cara aos pais/nais/representantes legais dos que dispón a escola infantil municipal son os seguintes:

- a. Reunións de principio de curso e trimestrais, para dar a coñecer o proxecto educativo, período de adaptación, normativa do centro, programación de aula, saídas, etc.
- b. Reunións extraordinarias a petición da Dirección do centro, ou titoras ou titores coas nais/pais/representantes legais.
- c. Reunión de Escola de nais e pais, na que se tratarán temas relativos á crianza e evolución así como problemas cotiáns das nenas e nenos, e se intercambiarán opinións sobre os mesmos.
- d. Diario da clase, co fin de poder consultar datos relativos á estadía diaria dos/as menores no centro (alimentación, esfínteres, sono, incidencias, etc.).
- e. Intercambio diario de información coas nais/pais/representantes legais, a través de conversas informais.

Asociación de pais/nais

1. A Asociación de pais e nais é o órgano de participación na vida do centro. A súa constitución e funcionamento fomentarase por parte da Dirección de Escola.

2.- En caso de constituírse a asociación de pais/nais terá como finalidade:

- Defender os dereitos dos/as pais/nais/representantes legais no relativo á prestación de servizos dirixidos aos nenos/as, e participar conxuntamente e activamente coa Dirección e co persoal da Escola Infantil Municipal para favorecer o desenvolvemento integral da poboación infantil atendida.

CAPÍTULO VI: PREZOS DA ESCOLA INFANTIL E FINANCIAMENTO DO SERVIZO

Artigo 40: RÉXIME DE PREZOS

O réxime de prezos a aboar polos usuarios se regula na correspondente ordenanza municipal que será publicada no Boletín Oficial da Provincia e expoñerase no Taboleiro de Anuncios deste Centro.

Artigo 41: FINANCIAMENTO

A prestación do servizo da Escola Infantil Municipal financiarase cos recursos do Concello, coas aportacións da Xunta e coas tarifas que aboan os usuarios.

CAPÍTULO VII: PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Artigo 42: A ENTRADA NA ESCOLA INFANTIL

Realizarase en períodos curtos e graduados que se establecerán na reunión de inicio de curso. As estancias no Centro irán alongándose a medida que os nenos/as se vaian adaptando á nova situación.

Polo centro emitiranse circulares informativas e consellos aos pais sobre este período de adaptación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Os modelos de solicitude de novo ingreso, de documentación precisa, de formalización de matrículas, de baixa, de autorización de fotografías e de autorizacións para saídas e outros que procedan serán aprobados pola Alcaldía.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Coa entrada en vigor deste Regulamento queda derrogado de forma expresa o Regulamento de Réxime Interno da Gardería Infantil Municipal do Barco de Valdeorras publicado no B.O.P. de Ourense de 21 de outubro de 1998.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Segundo: Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición de anuncio do presente acordo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expoñer as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro: Considerar definitivamente adoptado o acordo, no suposto de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo indicado no anterior parágrafo.

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1. Mocións urxentes

Di o sr. Alcalde que se presentaron dúas Mocións, unha polo Partido Popular sobre *“impulso de medidas dirixidas a mellorar a situación da muller no deporte”* e outra polo PSdeG-PSOE sobre *“instar ao goberno da Xunta a que recupere o carácter público universal gratuíto e a calidade que tiña o noso sistema sanitario público”*.

A continuación o sr Presidente somete a votación a ratificación da inclusión do seguinte asunto na orde do día, sendo aprobado por unanimidade dos dezaseis concelleiros asistentes.

Moción presentada polo grupo municipal do PP sobre impulso de medidas dirixidas a mellorar a situación da muller no deporte

Concédeselle a palabra á concelleira sra Delgado Fernández, quen dá lectura da moción presentada, que copiada literalmente di:

“Resultan evidentes os avances sociais das mulleres en todos os ámbitos, pero a pesar da aparente igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, existen aínda obstáculos que dificultan a igualdade efectiva. O deporte, como actividade plenamente integrada na nosa sociedade, non é alleo a esta realidade.

A incorporación das mulleres ao deporte a nivel internacional e nacional, foi un proceso lento e custoso que aínda nos nosos días non está plenamente consolidado, en moitos casos, segue sendo un ámbito limitado á muller e xa non só a nivel de práctica ou de participación en competicións, senón tamén de representatividade nas diferentes estruturas deportivas, visibilización nos medios de comunicación, etc.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no concello de O Barco propón a adopción do seguinte acordo:

1. Fomentar, en todas as idades, a participación feminina nas actividades deportivas do concello para impedir o seu abandono nas idades máis novas, incorporando o principio de igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no seu deseño e execución.
2. Instar á Xunta de Galicia a:
 - a) Elaborar un Protocolo para a prevención, detección e actuación fronte ao acoso e abuso sexual no deporte.
 - b) Establecer un marco de colaboración institucional en materia deportiva que vele pola igualdade de trato e non discriminación da muller, así como a promoción do deporte feminino nos distintos concellos galegos.
 - c) Promover a visibilización do deporte feminino, impulsando campañas de sensibilización e promoción, eliminando os estereotipos en colaboración coa FEGAMP.”

Fai uso da palabra o sr Sierra Nieves, que di que parece raro que unha muller concelleira comece a súa primeira intervención cun *“boas tardes a todos”* e que defenda a igualdade, que tamén xa está pasada de moda, e que chirría bastante cando hoxe facendo unha revisión das mocións presentadas pola sra Delgado Fernández ao longo desta lexislatura viu que incumpren completamente todos os respectos de xénero, que están escritas en masculino e desde o androcentrismo, que xa partindo deso lle chirría que unha concelleira fale de igualdade cando o seu partido desde sempre non se diferencia pola defensa da igualdade, que do que ten que falar a concelleira é de feminismo non de igualdade, que xa dende os anos oitenta non se fala de igualdade de xénero senón que se fala de persoas. Di o concelleiro que a propia redacción da moción presentada polo PP é paternalista e androcentrista, pois escriben dos avances sociais das mulleres e as mulleres xa tiñan avances sociais dende o principio da historia, de feito se non existiran as mulleres non estaríamos todos aquí. Remata dicindo o sr Sierra que a concelleira defende a igualdade e non sabe o que é, aínda que de todas formas el vai a apoiar a moción.

Di o sr Alcalde que para o seu Grupo esta moción ten dúas partes diferenciadas, por un lado o que afecta ao Concello do Barco e por outro lado o que se supón que afectaría á Xunta de Galicia. Que no que afecta ao

Concello do Barco está claro que a concelleira non se molestou en ver que barquenses, homes e mulleres, participan nas actividades deportivas organizadas polo Concello porque de terse molestado vería a documentación coa que se publicitan as actividades deste Concello e quedaría realmente sorprendida. Di que segundo o informe feito pola Técnico de deportes do Concello sobre a situación real das actividades deportivas, non hai nin un só documento no que non estea puntualizado e discriminado favorablemente o tema de que o deporte vai dirixido especialmente ás nenas e ás mulleres, pois as imaxes que se utilizan para os carteis anunciadores das actividades son de nenas ou de mulleres, incluso naquelas escolas deportivas que son tradicionalmente masculinas, como é o fútbol, faise unha salvidade onde se di que *“tamén haberá escolas para elas”*, di que tamén se fixeron equipos mesturados cando nalgunha escola deportiva hai moitos máis nenos que nenas. Fai o sr Alcalde un resumo dos asistentes ás escolas deportivas, dando datos como que o total son 655 mulleres e 396 homes, é dicir que o 62,32% de participantes nas escolas deportivas son mulleres e o 37,68% son homes. Di o Alcalde que neste tema estase a traballar de forma concienciada no Concello do Barco, que xa na anterior lexislatura introduciuse perspectiva de xénero a través das actividades saudables enfocadas á muller, fundamentalmente nas escolas deportivas, dirixindo todos os esforzos ás mulleres maiores coa ximnasia de mantemento, polo que dicir que hai que facer un plan para fomentar o deporte na muller é falar por falar porque aí están os datos oficiais. Di que en relación coa segunda parte da Moción na que se pide instar á Xunta de Galicia, o seu Grupo non lle vai a facer o traballo ao PP, pois si queren instar á Xunta de Galicia para que faga un protocolo que o voceiro do PP presente a Moción no Parlamento, posto que o sr Blanco ten esa posibilidade e que el se compromete a falar co Grupo Socialista no Parlamento para que a apoiem. Remata dicindo que o equipo de goberno ten motivos para estar satisfeitos do que se está a facer neste tema, polo que non ten sentido apoiar a Moción.

Di a sra Delgado Fernández que o seu Grupo non critica que o Concello non fixera nada respecto a este tema, pero que sempre hai que mellorar, que lle parece un pouco valente de máis dicir que están plenamente satisfeitos co traballo feito nese sentido, cando por exemplo o seu Grupo suxeriu nalgunha ocasión que se promovese un equipo de fútbol feminino no Barco e hoxe en día está na Rúa e non aquí, despois de quince anos crendo o sr Alcalde que fai todo satisfactorisamente ben como sempre. Di a concelleira que non só no fútbol feminino hai carencias de mulleres, senón tamén en deportes como no ciclismo, no tenis, no tiro con arco ou no baloncesto feminino Di que na Moción fálase do abandono do deporte

das mulleres en idades avanzadas, que está moi ben que se fagan actividades para as mulleres nas escolas deportivas pero do que se trata na Moción é que ás especialistas en deportes en concreto, en clubs e en equipos profesionais, chegan a un momento no que lles é complicado continuar. Remata dicindo a sra concelleira que o seu Grupo pensa que sempre se pode mellorar e moito a situación.

Di o sr Sierra Nieves que descoñecía os datos concretos que nomeou o sr Alcalde pero que si lle consta que hai un traballo en prol da igualdade non só pola parte política senón porque a Técnico tamén traballa en prol neso, polo que quere parabenizar os esforzos que se fan. Di que a súa segunda intervención ía xusto no sentido do dito polo Alcalde pois o voceiro do Grupo popular está no Parlamento da Xunta e teno fácil de presentar alí a Moción. Remata o sr Sierra convidando á concelleira sra Delgado a que comece a falar en feminino, a que revise os escritos que presentou e a que respecte polo menos os dous xéneros.

Di o sr Alcalde que na anterior intervención dixo que estaba satisfeito pero que evidentemente pódese mellorar e que o seu Grupo está disposto a asumir en Comisión todas as propostas que se fagan, polo menos a debatelas, e quere darlle un dato á sra Delgado, e é que en tiro con arco xa hai oito rapazas na escola deportiva, en baloncesto feminino hai 45 nenas federadas. Di que agradece as palabras do voceiro do BNG, que a Técnica de deportes está integrada dentro do CIM (Centro da Información á Muller) como Técnica de igualdade polo que si hai un departamento onde a igualdade se intenta e os técnicos teñen todo o apoio político do Grupo de Goberno é ese.

Rematado o debate procédese á votación cun empate con oito votos a favor (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez e Sierra Nieves) e oito en contra (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo e Dacal Feijoo), polo que se procede a unha nova votación co mesmo resultado polo que decide o voto de calidade do Alcalde, quedando rexeitada a moción presentada.

A continuación o sr Presidente somete a votación a ratificación da inclusión do seguinte asunto na orde do día, sendo aprobado por unanimidade dos dezaseis concelleiros asistentes.

Moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre instar ao goberno da Xunta a que recupere o carácter público universal gratuíto e a calidade que tiña o noso sistema sanitario público.

Concédeselle a palabra ao concelleiro sr Araujo Alonso, quen dá lectura da moción presentada, que copiada literalmente di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

SOS sanidade pública ven de convocar ás diferentes plataformas que a compoñen a mobilizarse unha vez máis en defensa do sistema sanitario público galego que ca xestión do PP de Feijoo atravesa momentos moi críticos e difíciles.

Os socialistas temos moi presente que o coidado da saúde é un dos dereitos fundamentais que teñen as persoas. Dereito que debe ir ligado á condición de cidadán e non á de asegurado para que teña realmente carácter universal, universalidade que desapareceu ca chegada do Sr. Rajoy o Goberno.

Ademais para poder garantir este dereito fundamental a todas as persoas en condicións de igualdade, este compromiso debe ser asumido dende o sistema público. Sen embargo, a xestión sanitaria do Sr Feijoo busca recortar e deteriorar o público para despois e pouco a pouco ilo substituíndo por un sistema privado. Onde as persoas que teñan máis recursos económicos terán mellor sanidade que aquelas que non os teñan.

Os Gobernos Socialistas levan anos loitando por conseguir que a atención sanitaria pública conte co financiamento que precisa a través da Lei de Orzamentos para que así resulte gratuíta no momento de recibir a asistencia e para que ademais poda prestarse con todas as garantías e toda a calidade que merece.

Sen embargo a política sanitaria do PP levada a cabo pola Xunta de Feijoo vai en sentido oposto.

Os recortes no gasto público e as continuas privatizacións están a provocar que só un 7,1% do orzamento sanitario se destine ó funcionamento dos hospitais e dos centros de saúde públicos.

E ademais de toda unha serie de medidas que teñen provocando tal grande deterioro no noso sistema sanitario que o manteñen colapsado.

- Recortes no gasto sanitario público (con Feijoo temos 460 millóns de euros menos para a sanidade galega, un 12% menos).
- Redución de máis de 2.094 traballadores e traballadoras sanitarios, con xubilacións masivas e forzosas.
- Pechamento de máis de 275 camas hospitalarias con plantas pechadas todo o ano.
- Abandono e marxinação da Atención Primaria ca supresión do Plan de Mellora.
- Privatización de hospitais e de todas as novas infraestruturas, construción e xestión privada do Novo Hospital de Vigo, do Complexo Hospitalario de Ourense, da ampliación do Salnés, dos Centros de Saúde
- Renovación escandalosa do Concerto Singular co hospital privado POVISA.

- Privatización de servizos estratéxicos: Historia clínica electrónica; Receita electrónica; Sistema de Citas Call Center; Teléfono Informativo “012”; Protección radiolóxica; Esterilización do instrumental; Loxística do sistema; Mantemento dos equipos sanitarios; Limpeza e enerxía; Kátering dos hospitais; Compra do equipamento tecnolóxico; Hemodiálise; etc.
- Entrega da investigación sanitaria e a formación do persoal ás multinacionais.
- Privatización do Laboratorio Central de Galiza.
- Peche dos recursos dirixidos a colectivos de risco: Planeamento familiar, Drogodependencias, inmigrantes, dependentes, etc.
- Desmantelamento das Áreas Sanitarias: Barco, Monforte, Salnés, Barbanza
- Privatización da xestión dos Procesos Asistenciais e fragmentación dos hospitais e centros de saúde creando Unidades de Xestión Clínica.

Medidas que teñen provocado as seguintes consecuencias:

- Moitos enfermos, pensionistas, parados non poidan mercar os medicamentos que precisan.
- Como as listas de espera cada día medan máis, a Lei de Garantías Sanitarias lles permitirá derivar a todas as persoas pendentes de Intervención Cirúrxica ou consulta aos centros privados ou concertados ó ter revasado o tempo de espera que marca a Lei.
- Os servizos de urxencias dos hospitais colapsados.
- Negar o tratamento aos enfermos graves afectados de Hepatite C e a moitas das enfermidades que precisan tratamentos innovadores.
- Etc, etc.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de O BARCO presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal os seguintes **ACORDOS:**

- 1. Que se someta a aprobación polo Pleno do Concello o manifesto que acompaña á mobilización prevista para o día 19 de marzo por SOS sanidade pública en defensa do noso sistema sanitario público.**
- 2. Que se inste ao Goberno da Xunta a que de forma inmediata adopte as medidas necesarias para devolverlle ao Sistema sanitario público galego o seu carácter PÚBLICO, UNIVERSAL, GRATUÍTO E A CALIDADE que tiña ata o de agora.”**

Fai uso da palabra o sr Blanco Paradelo, quen di que parécelle un argumento malo que o Grupo Popular, concelleiros elixidos polos cidadáns do Barco, non poda presentar iniciativas instando ás Administracións nas que goberna, pois supón dicir que eles non teñen independencia nin autonomía como grupo municipal, continúa dicindo que si non se insta nada dirán que é porque a Xunta está gobernada polo seu partido e si se insta,

resulta que non se pode por estar gobernando, reitera que é un mal argumento.

Di o sr Alcalde que quere facer un inciso posto que iso nada ten que ver co debate. Que o sr Blanco si pode presentar iniciativas, pois de feito a presentou, outra cousa é que lle voten a proposta, que o Grupo Socialista tamén a presentou e que o Grupo popular pode votala ou non, que diso é do que se trata.

Di o sr Blanco Paradelo que o que el dixo é que o sr Alcalde mostrou un argumento bastante vago para non votar a Moción, nada máis.

Di o voceiro que falando de sanidade el quere ofrecer algúns datos porque o Grupo socialista está na trincheira de todo en contra, todo é peor que antes, e ademais significanse por ter collido a sanidade como arma arroxadiza de política contra o goberno do sr Feijoo e iso é o que queren facer. Di o concelleiro que, entre outros datos, no ano 2009, cando gobernada o Partido Socialista na Xunta, a espera cirúrxica estaba por riba dos 30 días e no 2014 segundo os datos oficias está no 16,8 días, tamén nas consultas estaba en 64 días no 2009 e no ano 2014 está en 39,6 días, o rendemento cirúrxico no 2008-2009 estaba no 67,7% e no 2014 no 75%, di tamén que o xornal “*O Sil*”, que pensa que é un periódico respectable tanto para o PP como para o PS, publicou que o mellor dato de toda Galicia en espera é o do Hospital Comarcal de Valdeorras que é de 6 días nos pacientes de prioridade 1 e de 33,1 días por especialidades cirúrxicas. Di o sr Blanco que con respecto ao número de operacións aumentaron máis dun 30% dende o ano 2009 (90.000) ao 2014 (118.375), que en cuanto ao tema dos fármacos a achega media dos pensionistas está en 3,9€ e o Grupo socialista seguen sen aceptar que foi unha boa medida, lle de os datos que lle de, que no relativo aos medicamentos xenéricos estase no 40% da prescrición cando co goberno do Bipartito estábase no 10%. Di que o PS chegou a dicir que íanse dar altas médicas a cambio de 30€, que os galegos ían ter menos medicamentos que noutras comunidades, que se ían cobrar 206€ por consulta ou 513€ por día de hospitalización e que se ía quitar a prestación sanitaria aos parados. Di tamén que seguen ca teima da privatización e por moito que repitan esa mentira non se vai a converter en verdade, que a sanidade galega é cen por cen pública, que os hospitais son cen por cen públicos, que as novas infraestruturas que se están facendo son cen por cen públicas e que toda a atención que está prestada polos profesionais no servizo do Sergas segue sendo pública e non ten custo para os cidadáns.

Fai uso da palabra o sr Sierra Nieves, que di que como todos saben os datos empréganse como se quere, que son interpretables. Di que está de acordo co sentido da Moción, que el tiña idea de presentar unha moción no mesmo sentido pero que non chegou a tempo, polo que foi un alivio cando recibiu de mañá un e-mail co texto da moción presentada. Di o concelleiro que non vai a repetir datos que xa se dixeron pero que quere facer unha matización e é que nalgún parágrafo da Moción dise algo así como que “*os governos socialistas loitaron en prol de*” e que el quería destacar que a loita nesta comarca en torno á sanidade non é só dos socialistas, tamén dos sindicatos, da esquerda e da esquerda nacionalista, pero que sobre todo é unha loita dos homes e mulleres deste país e desta Comarca. Remata dicindo o sr Sierra que, despois da matización feita, está de acordo coa moción e que vai apoiala.

Di o sr Alonso Araújo que se dixeron unha serie de datos e que como di o voceiro do BNG os datos manéxanse como se quere. Di que pode ser que os datos que deu o sr Blanco e que viñan publicados no “Sil” reflexen a realidade, pero que iso é como o do que no país dos cegos o torto e o máis espabilado, xa que debe dicirse tamén como están todos os demais. Di o concelleiro que ten una serie de recortes de periódicos relacionados con estes temas que ao final igual llos pasa ao sr Blanco para que os leve ao Parlamento galego. Procede o sr. concelleiro a dar lectura ás noticias publicadas en ditos recortes, dende o ano 2013 ata o día da data, e que están relacionadas cas avarías do vello TAC e a chegada do novo TAC ao Hospital de Valdeorras, concluíndo que non se sabe por onde anda o TAC. De seguido o sr Alonso Araújo fai lectura doutros titulares de periódicos onde se denuncian deficiencias existentes no Hospital Comarcal Valdeorras relativas ao aumento de traslados de pacientes a Ourense, protestas dos traballadores polos recortes sanitarios, críticas por cambios en urxencias, avarías no TAC e na única incubadora con respirador que supuxo durante unha semana o desprazamento de parturientas a Ourense, así coma nalgúns Hospitais de Galicia, relativos a fallos en equipamentos de hemodiálise e raios X en Santiago e Lugo respectivamente, a non licitación de equipamentos de medicina nuclear, hemodinámica e radioterapia en Lugo, a duplicidade e privatización de postos de traballos técnicos de electricistas, concluíndo que non se vive no país das maravillas. Finalmente, o concelleiro da unhas cifras en relación cos enfermos de Hepatites C, extraídas dun artigo do parlamentario Manuel Vázquez, dicindo que en Galicia hai diagnosticados 30.000 enfermos con hepatites C e que tendo en conta o gasto previsto para a hepatites C e os enfermos afectados por esta enfermidade en Galicia, tocarían a 1.454 euros por paciente, moi lonxe dos

40.000 euros que custa o tratamento, ou, que no seu caso, só un 3,64% dos enfermos de hepatites C se beneficiarían do tratamento.

Di tamén o concelleiro que en España morren ó ano 10.000 persoas por hepatites C e 1.200 por accidentes de tráfico, que parece que é o que máis preocupa neste país, rematando dicindo que o 97,36% dos enfermos galegos de hepatites C van quedar sen tratamento, con sentimento de frustración, impotencia e desesperación e sentíndose enganados por uns gobernantes que, polo seu xeito de gobernar, están convertendo aos cidadáns en números dunha conta de resultados.

Di o sr Blanco Paradelo que vaia por diante que sempre se pode mellorar cando se fala de servizos públicos e atención ao cidadán. Di que o barómetro sanitario publicado no verán de 2014 di que o 77,4% dos galegos opinan que o funcionamento do sistema sanitario é bo ou bastante bo, por riba da valoración global de España que é do 65%, que tamén hai outro barómetro que é da Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública, publicado en setembro de 2014, que di que a sanidade galega ocupa o posto octavo das Comunidades Autónomas con mellor puntuación, catalogándoa como unha situación de sanidade aceptable, en cambio cando gobernaba o bipartito ocupaba o posto número trece. Di o voceiro, en relación cos afectados pola Hepatites C, que como xa se dixo dende o Ministerio e a Consellería, todos os pacientes terán asistencias, tratamentos e os fármacos necesarios, sempre de acordo aos criterios médicos e técnicos, que non se vai a deixar abandonado a ninguén a súa sorte e que xa coñece a postura do sr Vázquez, pois o escoita no Parlamento onde se lle da cumprida resposta. Di o concelleiro que, en relación co que anteriormente se dixo respecto algún equipamento ou servizo do Hospital Comarcal Valdeorras, e respecto do que o Grupo de Goberno dicía este últimos anos que se ía a pechar, ou que ía ser un ambulatorio para poñer unhas tiritas ou facer unhas curas, producíronse aperturas de novas especialidades, como neuroloxía, dixestivo, endocrino, cardioloxía, que se ampliou a carteira de servizos, incluso cirúrxicos coma uroloxía, vías rápidas para cancros de colon, larinxe, vexiga, próstata ou melanoma, a cobertura total farmacéutica nas residencias e centros de saúde da área. Remata dicindo o sr Blanco que el tamén foi crítico co tema do TAC pois pensa que xa tiña que estar no HCV, e que quere dicir que pronto vai a estar aquí, pois ese é o compromiso e espera que en poucos días se teña por fin a confirmación diso, para tranquilidade de todos os usuarios do Hospital Comarcal de Valdeorras. Finaliza dicindo que o seu Grupo vai a rexeitar a moción presentada.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias,

Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Dacal Feijoo e Sierra Nieves) e sete en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno acorda:

1.- Aprobación do manifesto que acompaña á mobilización prevista para o día 19 de marzo por SOS sanidade pública en defensa do noso sistema sanitario público.

2.- Instar ao Goberno da Xunta a que de forma inmediata adopte as medidas necesarias para devolverlle ao Sistema sanitario público galego o seu carácter PÚBLICO, UNIVERSAL, GRATUÍTO E A CALIDADE que tiña ata o de agora.

2. Rogos e preguntas.

Non se realizan.

3. Dación de conta de corrección de erro no anexo do aforro neto do informe de fiscalización ao Orzamento da Corporación para 2015.

Dáse conta pola alcaldía-presidencia que os técnicos da Intervención Municipal detectaron un pequeno erro no cálculo do aforro neto, que é maior do que inicialmente se puxera no informe posto que o aforro que se contemplaba era do 18,09 e sube ata o 19,92 e ó final con iso mellora a situación económica do Concello.

4. Dación de contas: Informe das resolucións da Alcaldía dende o nº 53/15 ata o nº 121/15 e de resolución de 2 de marzo de 2015 relativa a exercicio de acción xudicial en defensa de bens, e das actas da Xunta de Goberno Local de 29 de xaneiro e 5, 12 e 19 de febreiro 2015.

A Presidencia dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen dende o nº 53/15 ata o nº 121/15 e de resolución de 2 de marzo de 2015 relativa a exercicio de acción xudicial en defensa de bens, e das actas da Xunta de Goberno Local de 29 de xaneiro e 5, 12 e 19 de febreiro de 2015.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 20:00 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario acctal

O alcalde

José De Lis Santos-Ascarza

Alfredo L. García Rodríguez